

CHEGA O NADAL Á SOLAINA!

No CEIP A Solaina preparámonos ante a chegada do Nadal.

Durante as semanas previas ás vacacións de Nadal, puxemos a nosa árbore, 100 por 100 de refugallo e grazas ás familias do noso centro puidemos decorala con todo tipo de adornos feitos dende a casa.



Pero isto non é todo... recibimos noticias moi interesantes de **Papá Noel!** Dísque este Martes, día 15, vai chamarnos ao cole dende o Polo Norte para falar cos nenos e nenas máis cativos e anunciar lles sorpresas.

E sabedes que???

Nada máis e nada menos que en **VIDEOCONFERENCIA!!!!**



Na súa mensaxe, **Papá Noel**, coméntanos que non ten transporte para achegarse ao noso centro para visitar aos nosos nenos e nenas e traerlles un agasallo...

Menos mal que despois de tantos anos traballando coa Educación Viaria estamos preparados para calquera imprevisto



O día 18 marchámonos de vacacións de Nadal, e por iso imos celebrar este día da seguinte forma:

ORGANIZACIÓN DO 18 DE DECEMBRO

9.00 a 9.30. Subida normal ás aulas.

9.30 a 11.00. Festival de Nadal no patio interior (haberá carteis para que cada curso saiba onde se debe colocar). Cada nivel interpretará unha panxoliña. A continuación, farase a entrega de premios do Concurso de Debuxo e Contos de Medo, para finalizar coa visita de Papá Noel.

Orde de actuacións:

3 ANOS: *Burrito Sabanero*

4 ANOS: *Los Reyes Magos*

5 ANOS: *Qué ilusión*

1º EP: *Nadal*

2º EP: *Es Navidad*

3º EP: *As Campás*

4º EP: *Volver á casa por Nadal*

5º EP: *Vuela, vuela*

6º EP: *A Campá*

11.00 a 12.00. Merenda nas aulas e visita de Papá Noel.

12.00 a 13.00.- Recreo.

13:00 a 14:00.- Subida ás aulas e entrega de notas.